

Camiñaron por un sendeiro do bosque, ata chegar a unha cabana rodeada de altos carballos onde lles esperaba un home moi vello, de branca barba e voz grave, que os mirou cun sorriso e saudounos:

- Bos días e benvidos! En que vos podo axudar?
- Bos días Sabio! Veño acompañada do dragón Draco, que hoxe apareceu no Aloia por enfadarse cun amigo.
- De acordo. Draco, soamente che vou facer tres preguntas que quero que penses ben:

★ **Cando te enfadas?**

★ **Que fas cando te enfadas con alguén?**

★ **Que poderías facer en lugar de discutir cos demais?**

Tes que contestarme de forma sincera, porque do contrario non poderás seguir avanzando para chegar á casa.

- Pois... a verdade é que me enfado bastante a miúdo... cando non me gusta a comida, cando me obrigan a deixar de xogar co tesouro para ir durmir, cando teño que compartir os xoguetes... E cando me enfado póñome vermello e berro... e ás veces tamén empurro aos demais e sáeme lume pola boca.
- Moi ben Draco -dixo Andreia- sabes ben como reaccionas, e recoñecer as propias emocións é importante... pero sabes que podes facer en lugar de discutir cos demais?
- Non sei... Podería intentar enfadarme menos... pero é que me sae ser así... non sei moi ben cómo cambiar...-Draco baixou a vista, sentiase triste.
- Tranquilo Draco, que no Aloia vas atopar ideas para poder actuar doutra maneira cando te enfades.

